

## RESUMO PLANS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO EN CENTROS<sup>1</sup>

|                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|----------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>CARACTERÍSTICAS</b>     | Proxectos de <b>centro</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>OBXECTIVO</b>           | <b>Actualización e perfeccionamento</b> das competencias do profesorado para <b>mellorar a calidade</b> da educación e <b>os resultados escolares</b> do alumnado.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>LIÑAS</b>               | <b>1</b> ou <b>2</b> das seguintes:<br>a) Programación, desenvolvemento e avaliación de <b>competencias básicas</b> , facendo especial fincapé no tratamento das linguas, tanto propias como estranxeiras.<br>b) Integración didáctica das <b>TIC</b> , e no uso para o traballo cooperativo en rede a través de espazos virtuais.<br>c) Mellora da <b>xestión dos centros</b> e dos procesos de calidade.<br>d) <b>Convivencia</b> escolar e clima da aula.<br>e) <b>Atención á diversidade</b> e cambios metodolóxicos asociados.<br>f) Accións encamiñadas a mellorar o <b>desempeño profesional docente</b> e a actualización científica e didáctica do profesorado.<br>g) <b>Xestión directiva</b> dos centros. |
| <b>ITINERARIOS</b>         | <b>1</b> ou <b>2</b> atendendo ás liñas escollidas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>ACTIVIDADES</b>         | <b>2</b> ou <b>3</b> estruturadas como cursos ou asimilados, seminarios e/ou grupos de traballo, integradas e secuenciadas nun proceso que inclúa a <b>análise e a elaboración de propostas didácticas</b> , así como a súa <b>aplicación á aula ou ao centro</b> , e a <b>reflexión e a avaliación dos resultados</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <b>ELABORACIÓN DO PLAN</b> | a) <b>Detección da área de mellora</b> en relación coas liñas de actuación da cláusula terceira.<br>b) <b>Concreción das necesidades formativas</b> en relación coa liña ou liñas seleccionadas e priorizadas.<br>c) <b>Elaboración do/s itinerario/s formativo/s</b> para atendelas, que incluírá as actividades formativas necesarias xunto coas accións de traslación á aula ou ao centro, a reflexión e a avaliación.                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>ORZAMENTO MÁX.</b>      | <b>4000 €</b> (1 itinerario) - <b>6000 €</b> (2 itinerarios)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| <b>DURACIÓN</b>            | mínimo <b>2</b> cursos, máximo <b>4</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>COORDINACIÓN</b>        | <b>Equipo de formación:</b> Director/a, coordinador/a de formación ou xefe/a de estudos e coordinadores/as dos itinerarios definidos no plan.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>PARTICIPANTES</b>       | Participación mínima do <b>40% do claustro</b> , salvo casos excepcionais que, a xuízo da Comisión de Selección, resulten debidamente xustificadas.<br>Todos os profesores que presten servizos nun centro seleccionado nesta convocatoria poderán participar no seu plan de formación, integrándose como mínimo nun dos itinerarios e nunha das actividades formativas que o conformen.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| <b>PAZOS</b>               | Solicitud e presentación do plan: <b>27 setembro</b> , presentación relación definitiva: <b>15 outubro</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>DOCUMENTACIÓN</b>       | Os centros participantes deberán adxuntar á solicitude a seguinte documentación:<br>– <b>Informe de detección de necesidades</b> formativas.<br>– <b>Plan de formación</b> permanente do profesorado en centros segundo o establecido no anexo II.<br>– Certificación da <b>aprobación do plan polo claustro e o consello escolar</b> , de acordo cos anexos III e IV, respectivamente.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>CERTIFICACIÓN</b>       | Certifícanse un <b>máximo de 100 horas</b> de formación. O <b>equipo de formación</b> terá unha certificación como actividade de <b>innovación educativa</b> de <b>20 horas</b> .                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |

<sup>1</sup> Para saber máis: RESOLUCIÓN do 11 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2013/14. DOG Núm. 116 Mércores, 19 de xuño de 2013.